

IDEGA

Instituto Universitario de Estudos e
Desenvolvimento de Galicia

**MEMORIA ECONÓMICA
E DE ACTIVIDADES**

2019

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


IDEGA

Avda. das Ciencias, Chalet nº 1
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881814339
Fax: 881814383
E-mail: idgsec@usc.es
Web: www.usc.es/idega



ÍNDICE

| | |
|--|-----------|
| PRESENTACIÓN | 5 |
| ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL | 13 |
| GRUPOS DE INVESTIGACIÓN | 19 |
| PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN | 31 |
| I. Área de economía agroalimentaria e estudos rurais..... | 35 |
| II. Área de planificación, ordenación e desenvolvemento territorial | 37 |
| III. Área de turismo | 40 |
| IV. Área de economía galega, estudos sectoriais e desenvolvemento económico | 42 |
| V. Área de demografía, mercado de traballo e economía social ... | 43 |
| VI. Area de economía ambiental e recursos naturais | 43 |
| VII. Apoio a estruturas de investigación | 44 |
| PUBLICACIÓNS | |
| I. A economía galega. Informe 2018..... | 49 |
| II. A economía galega. Informe 2018. Resumo executivo | 50 |
| III. Documentos de traballo idega..... | 51 |
| IV. Pasado, presente e futuro do mundo rural. Feiraco, un modelo cooperativo de 50 anos | 51 |
| DOCENCIA | |
| I. Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica..... | 55 |
| II. Economía e saúde: a avaliación económica de intervencións sanitarias..... | 57 |
| III. Planificación turística comparada e experiencias internacionais en materia de turismo | 58 |
| XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS | 59 |
| PREMIO | 65 |
| PROXECCIÓN INTERNACIONAL | 69 |
| PUBLICACIÓNS 2019 INVESTIGADORES DO IDEGA | 73 |
| ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DO IDEGA | 93 |



PRESENTACIÓN

Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia

Director: D. Alberto Meixide Vecino

Enderezo: Avda. das Ciencias, Chalet nº1. Campus Vida. Santiago de Compostela 15782

Teléfono: 881.814.339

Correo electrónico: idgsec@usc.es

Data de creación: Real decreto 2078 do 30 de xullo de 1976 (BOE DO 4/11/76).



O IDEGA é un centro da USC que ten como principais obxectivos a investigación básica e aplicada no ámbito das Ciencias Sociais, tanto sobre os problemas de desenvolvemento económico do pasado como do presente, con especial atención á realidade social e económica de Galicia. Partindo deste presuposto, o IDEGA preséntase como un centro multidisciplinar de investigación e de formación de

referencia, que integra saberes e capacidades de diferentes disciplinas, incorporando as distintas dimensións políticas, económicas, sociais, xeográficas, culturais e empresariais que afectan o desenvolvemento territorial, coa finalidade de facilitar a consecución dun crecemento global sostible para eliminar os desequilibrios territoriais.

Os seus obxectivos fundamentais, perseguidos a través das investigacións básicas e aplicadas desenvolvidas nas liñas de investigación da área científico-técnica "Humanidades e Ciencias Sociais", priorizan a análise e estudo do desenvolvemento sostible desde unha perspectiva rexional; considerando as súas tres dimensións básicas conxuntamente (medioambiental, económica e social) pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- .- Realizar proxectos de investigación, asesoramento e apoio técnico nos ámbitos da súa análise.
- .- Contribuír á xeración e desenvolvemento de metodoloxías nos campos de Economía, Xeografía, Historia, Socioloxía e Demografía que permitan avanzar no coñecemento científico destas áreas.

- Facilitar aos mozos graduados a súa formación e actividade investigadora nas liñas do Instituto para que poidan incorporarse ao actual sistema de investigación, desenvolvemento e innovación.
- Fomentar, impulsar e potenciar as relacións científicas de investigación e docencia con outros Centros nacionais e internacionais.
- Publicar os resultados das súas investigacións en libros, artigos científicos e de divulgación, e presentalos a través de relatorios e comunicacións en congresos nacionais e internacionais.
- Organizar congresos, seminarios, mesas redondas e xornadas de portas abertas para difundir os resultados obtidos nos proxectos de investigación.

O IDEGA, desde o inicio da súa actividade hai xa máis de 35 anos, amosou o seu compromiso co fomento da investigación científica, a xeración de coñecemento sobre a realidade social, económica e territorial de Galicia e a difusión dos seus resultados en beneficio de toda a sociedade. Publicacións como o informe anual sobre a A Economía Galega, a coordinación de Plans Estratéxicos de desenvolvemento local e provincial, o importante número de proxectos competitivos sobre a investigación socioeconómica e territorial de Galicia, os numerosos cursos, seminarios, encontros e congresos (Congreso de Economía de Galicia en todas as súas edicións) e o importante número de investigadores mozos formados sitúan o IDEGA como principal centro de investigación socioeconómica e territorial de Galicia e en referente para a toma de decisións das institucións públicas e privadas que inflúen no desenvolvemento territorial nas sociedades do noso contorno.

De cara ao futuro, o IDEGA seguirá afondando nos obxectivos anteriores, cunha clara preocupación pola aplicabilidade do coñecemento xerado. A realización de proxectos con marcado carácter multidisciplinar (consolidación de liñas de investigación como a medioambiental, os estudos turísticos e os problemas socioeconómicos da dispersión e o avellentamento da poboación), a difusión das investigacións mediante publicacións e congresos, o traballo con investigadores mozos e a consolidación de redes con outros centros de investigación nacionais e internacionais son os obxectivos máis importantes para o futuro.

ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA ACTIVIDADE DO INSTITUTO

O estudo dos problemas do territorio, a consideración da rexión como instrumento idóneo para a promoción do espazo en que se asenta, a planificación económica e urbanística da rexión, os imperativos da descentralización e da desconcentración, as consecuencias do avellentamento da poboación ou os desequilibrios territoriais son, sen dúbida, problemas que requiren que a Universidade aplique todo o seu

rigor intelectual para a procura de solucións. Dadas as peculiares circunstancias que Galicia presenta para o seu desenvolvemento (situación periférica, acusado envellecemento, elevadísima dispersión poboacional e fortes desequilibrios internos), resulta imprescindible a existencia dun centro universitario que, desde unha perspectiva transdisciplinar e coa colaboración de diversas entidades públicas e privadas, realice este amplo labor de investigación e estudo da realidade socioeconómica e territorial.

Desde o seu inicio, o IDEGA deu mostras dunha gran capacidade investigadora, aglutinando os principais investigadores das áreas de socioeconomía e territorio tanto da Universidade de Santiago como das universidades da súa contorna, en especial das universidades públicas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (onde hai que salientar que membros do IDEGA desenvolveron un papel esencial na xestión da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal e promoveron estudos específicos de forte impacto sobre a situación socioeconómica da Eurorrexión). Tamén é destacable a intensa actividade docente en ciclos superiores, o que converteu o IDEGA no referente básico na promoción dos estudos sociais, económicos e territoriais sobre a realidade galega.

Como froito da intensa actividade investigadora e docente desenvolvida, o IDEGA situouse entre os centros de referencia en investigación socioeconómica cunha importante presenza na contorna institucional e da iniciativa privada, o que lle asegura ao IDEGA un papel fundamental no diálogo Universidade-Sociedade. A investigación realizada é altamente competitiva, con grupos de referencia capaces de promover e desenvolver proxectos cada vez máis ambiciosos en relación coas liñas máis innovadoras do panorama científico internacional, o que asegura un enorme potencial de crecemento a curto e medio prazo.



A confluencia de investigadores de dez áreas de coñecemento de Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Experimentais que posúen notables diferenzas en canto á súa dinámica investigadora (clasificación temática, resultados da investigación, visibilidade, etc.) é a principal singularidade do IDEGA. Un importante número de proxectos realizados, sobre todo os relacionados coa planificación estratéxica territorial, requiriron ademais a incorporación de investigadores doutras áreas científicas, en principio menos afíns (Bioloxía, Física, Arquitectura, Enxeñaría, etc.), pero imprescindibles para o correcto desenvolvemento das investigacións propostas, e coas que é necesario ter unha relación máis estreita, só factible desde unha estrutura de investigación flexible e transdisciplinar como o IDEGA. Este enfoque resulta clave, porque os problemas da sociedade non pertencen a unha soa disciplina, senón que transcenden o ámbito social, económico, cultural e tecnolóxico.

O IDEGA pon a disposición do público, anualmente, esta memoria descritiva das súas actividades, a cal, xunto coas súas publicacións e a súa páxina web (<http://usc/idega.es/>) permiten un mellor coñecemento do centro. Pretendemos que na Memoria se recolla unha información completa sobre o noso labor investigador e o resto de actividades que se desenvolveron ao longo do último ano. Igualmente, ofrécese información sobre as entidades e as persoas que compoñen na actualidade os seus órganos de goberno e o seu persoal permanente, así como sobre os fluxos e fondos de carácter económico-financeiro que son a contrapartida, e o soporte, da súa actividade.

O IDEGA EN 2019

O IDEGA dispuxo en 2019 dun orzamento de xestión-investigación de 1.401.357,03 euros, un 10,8% máis que en 2018. Para xestión contou sobre 18.000 euros, case 2.000 euros máis que no ano anterior, grazas a unha maior aportación da USC. Mantivéronse as contribucións da Fundación Feiraco e do Consello Económico e Social, entidades membros da Xunta de Goberno do Instituto.

No orzamento anual de xestión-investigación, como nos exercicios anteriores, seguen incluíndose os 86.412,67 euros de remanente retido hai anos pola USC dos fondos de investigación do IDEGA. O detalle completo das contas de ingresos e gastos do Instituto preséntanse no apartado final da presente Memoria.

Os órganos de goberno do IDEGA celebraron as súas reunións nas seguintes datas: O Consello Científico reuniuse en cinco ocasións, o 10 de abril, o 21 de maio, o 6 de xuño, o 15 de xullo e o 22 de novembro. A Xunta de Goberno reuniuse o 16 de xullo.

En 2019, os grupos adscritos ao IDEGA levaron a cabo 45 proxectos de investigación, 5 máis que en 2018. Por grandes áreas distribuíronse da seguinte forma: Área de economía agroalimentaria e estudos rurais (8 proxectos); Área de planificación, ordenación e desenvolvemento territorial (13 proxectos); Área de turismo (9 proxectos); Área de economía galega, estudos sectoriais e desenvolvemento económico (6 proxectos); Área de demografía, mercado de traballo e economía social (2 proxectos); Área de economía ambiental e recursos naturais (1 proxectos); Apoio a estruturas de investigación (6 proxectos).

No apartado de publicacións compre destacar a colaboración do IDEGA na publicación do libro "Pasado, presente e futuro do mundo rural. Feiraco, un modelo cooperativo de 50 anos" co que se rende homenaxe a unha entidade que ven colaborando a cotío con este Instituto,

Tamén e como en anos anteriores IDEGA co patrocinio de //AFundación realizou o Informe Anual sobre a Economía Galega, publicado en formato dixital. Deste Informe, en formato papel, editouse un extenso Resume Executivo.

Ademáis, en 2019 elaborouse un documento de traballo sobre o impacto socioeconómico do Camiño de Santiago.

No eido da docencia no IDEGA segue a impartirse o programa de Desenvolvemento Rexional e Integración Económica, programa oficial de posgrao da USC, adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior, que inclúe un máster con dúas especialidades e un doutoramento. Neste programa de doutoramento defendéronse 2 teses doutorais en 2019. Os doutorandos foron D. Pedro María Rey Araujo e D^a Akmaral Iliyaz.

Ademais dos 12 Seminarios realizados no programa de doutoramento de Desenvolvemento Rexional e Integración Económica, desde o IDEGA en 2019 organizáronse 4 Xornadas e 5 Seminarios sobre temas diversos e, no ámbito da docencia, celebrouse un Curso de Verán sobre economía e saúde e un curso de cinco días de duración sobre a planificación turística comparada.

Na súa procura por incentivar a investigación, o IDEGA convocou, conxuntamente co Consello Económico e Social de Galicia, o VI Premio de Investigación "Valentín Paz Andrade de investigación en economía de Galicia" Na modalidade 1, premiouse o traballo realizado por Damían Copena e Xavier Simón e na modalidade 2 premiouse a tese de doutoramento de Adrián Dios Vicente.

Finalmente o IDEGA seguiu proxectándose internacionalmente. Reforzáronse as súas redes exteriores e 8 investigadores procedentes de diversos países realizaron estadias no Instituto.

De acordo coa normativa sobre a Reformulación dos Institutos Universitarios de Investigación da USC e o Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, en 2019 o IDEGA proseguiu coas reformas esixidas para a reformulación do Instituto. Completouse o proceso para adscrición ao IDEGA dos investigadores vinculados e procedeuse a elección dos membros do Consello Científico de acordo co Regulamento de Réxime Interno. O calendario electoral foi o seguinte:

- Publicación do censo provisional electoral o 1 de marzo de 2019
- Reclamación ao censo provisional do 4 ao 7 de marzo de 2019
- Publicación do censo definitivo o 11 de marzo de 2019
- Presentación de candidaturas do 12 ao 18 de marzo de 2019
- Proclamación provisional de candidatos o 20 de marzo de 2019
- Reclamación contra a proclamación provisional do 21 ao 22 de marzo de 2019
- Proclamación definitiva de candidatos o 26 de marzo de 2019
- Votación dos membros do Consello Científico o 29 de marzo de 2019

A votación realizouse por vía telemática sen incidentes reseñables.

O Consello Científico saído da convocatoria electoral constituíuse o 10 de abril de 2019 e de seguido celebráronse dúas reunións (21 de maio e 6 de xuño de 2019) para trasladar á Xunta de Goberno a proposta de Director. Ningún dos dous candidatos que optaron ao cargo acadou os votos esixidos no Regulamento de Réxime Interno para poder efectuar dita proposta.

A continuación recóllense polo miúdo as actividades levadas a cabo polo IDEGA en 2019 que, dun modo sintético, se comentan neste apartado.

Coa publicación desta Memoria o IDEGA reitera o seu compromiso de transparencia coa sociedade na transmisión da información e amosa a súa satisfacción por contribuír, cunha investigación de calidade, a un mellor coñecemento da realidade social e económica de Galicia e de ser un instrumento de transmisión do saber na Universidade de Santiago de Compostela.

ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL

XUNTA DE GOBERNO

Presidente: **D. Antonio López Díaz**. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

D. Vicente Pérez Muñuzuri. Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

D. José María Arias Mosquera. Presidente da Fundación Barrié.

D. José Montes Pérez. Presidente do Padroado da Fundación FEIRACO.

D. Pedro Otero Espinar. Director-Xerente da Fundación Galicia Obra Social AFUNDACIÓN.

D. Agustín Hernández Fernández de Rojas. Presidente do Consello Económico e Social de Galicia.

D. Alberto Meixide Vecino. Director do IDEGA.

D. Juan José Ares Fernández. Secretario do IDEGA.

D. Edelmiro López Iglesias. Representante do Consello de Goberno da USC.

Representante do Consello Social da USC.

DIRECTOR:

Alberto Meixide Vecino

SECRETARIO:

Juan José Ares Fernández

CONSELLO CIENTÍFICO

Ares Fernández, Juan J.
 Carmona Badía, Joam
 Fernández Fernández, Melchor
 Fernández Prieto, Lourenzo
 Lois González, Rubén C.
 Loureiro García, María L.
 Meixide Vecino, Alberto
 Perez Fra, Maria do Mar
 Riveiro García, María Dolores
 Tuñas Riveiro, María Dolores
 Gusman Correia de Araujo Barbosa, María Ines

INVESTIGADORES VINCULADOS

- José Antonio Aldrey Vázquez
- Manel Antelo Suárez
- Roberto Bande Ramudo
- Raúl Canay Pazos
- Joam Carmona Badía
- Emilio Rafael Díaz Varela
- Isidro Dubert García
- Francisco Ramón Durán Vila
- María do Carme Espido Bello
- Melchor Fernández Fernández
- Manuel Fernández Grela
- Xoaquín Fernández Leiceaga
- Diana Fernández Méndez
- Lourenzo Fernández Prieto
- Sara Fernández López
- Carlos Ferrás Sexto
- Ana Isabel García Arias
- Yolanda García Vázquez
- Xesús Giráldez Rivero
- Roberto Herranz González
- Ana Iglesias Casal
- Daniel Lanero Táboas
- Rubén C. Lois González
- Edelmiro López Iglesias
- María Celia López Penabad
- María del Carmen López Andión
- Lucrecia López
- María L. Loureiro García
- José Manuel Maside Sanfiz
- Alberto Meixide Vecino
- Angel Miramontes Carballada
- Luisa Muñoz Abeledo
- Luis Otero González
- Valerià Paül Carril
- Miguel Pazos Otón
- Xesús Pereira López
- María do Mar Pérez Fra
- María José Piñeira Mantiñan
- Ángeles Piñeiro Antelo
- Juan Carlos Reboredo Nogueira
- Fernando del Río Iglesias
- María Dolores Riveiro García
- Jackson Renner Rodrigues Soares
- Xosé Antón Rodríguez González
- Gonzalo Rodríguez Rodríguez
- Xosé Santos Solla
- Juan Manuel Trillo Santamaría
- Rosa Maria Verdugo Matès

TÉCNICOS E PERSOAL DE APOIO

ADMINISTRACIÓN

- María Isabel Rial Otero
- María Dolores Tuñas Riveiro

PERSOAL INVESTIGADOR CONTRATADO

- Jose Manuel Lage Tuñas, Investigador contratado
- Paula Solla Sineiro, Investigadora contratada
- Lucía Gayoso Couce, Investigadora contratada
- Raúl Ríos Rodríguez, Investigador contratado
- Yamilé Pérez Guilarte, Investigadora contratada
- Laura Seoane Novo, Investigadora contratada
- Francisco Xosé Armas Quintá, Investigador contratado
- Oleg Lazovski, investigador contratado
- Pedro María Rey Araujo, Investigador contratado
- Iago Rodríguez-Lestegas Tizón, Investigador contratado
- María Amparo Ferreira Golpe, Investigadora contratada
- Ana Castro Atanes, Investigadora contratada
- Luis Franco Vázquez, Investigador contratado
- Maricarmen Tapia Gómez, Investigadora contratada
- Luis Martín Agrelo Janza, Investigador contratado
- María Ángeles Piñeiro Antelo, Investigadora contratada
- Lucrezia Lopez, Investigadora contratada
- Arantza Gesto Blanco, Investigadora contratada
- Andrea Rey Presas, Investigadora contratada
- Noelia García Díaz, Investigadora contratada
- Jose Suárez Otero, Investigador contratado
- Ángel Miramontes Carballada, Investigador contratado
- Rita Manuela Sarmiento González, Investigadora contratada

PERSOAL INVESTIGADOR INTERNACIONAL

- Freddy Jesús Ruiz Herrera, Universidad Industrial de Santander
- Harold Moreno Holguin, Universidad Tecnológica del Choco
- Wilma Matilde Guerrero Villegas, Universidad Técnica del Norte

PERSOAL DO CETUR



- Mateo Varela Cornado, investigador contratada
- Ángel López Bregua, investigador contratado

ALUMNOS EN PRACTICAS GRADO XEOGRAFIA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Alba Martínez Ferreira

ALUMNOS EN PRACTICAS MASTER PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL

- Rafael Figueira González

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

ANÁLISE TERRITORIAL GI-1871***Liñas de investigación:***

- ✓ Análises socioeconómicas con implicacións territoriais: turismo, industria, transportes-mobilidade, pesca.
- ✓ Desenvolvemento local.
- ✓ Ordenación do territorio: urbanismo.
- ✓ Medioambiente: espazos naturais, diagnóstico ambiental, climatoloxía aplicada.
- ✓ Cooperación internacional ao desenvolvemento. Loita contra o empobrecemento.

Coordinador:

Lois González, Rubén Camilo

Investigadores:

Armas Quintá, Francisco Xosé
 Balsa Barreiro, José
 Durán Villa, Francisco Ramón
 López, Lucrecia
 Miramontes Carballada, Ángel
 Paül Carril, Valerià
 Pazos Otón, Miguel
 Piñeira Mantiñán, María Xosé
 Piñeiro Antelo, María Anxos
 Rodrigues Soares, Jakson Renner
 Rodríguez González, Román
 Suárez Otero, José
 Trillo Santamaría, José María
 Verdugo Matês, Rosa María
 Agrelo Janza, Luis Martín
 Barreiro Quintás, Daniel
 Cidrás Fernández, Diego
 Gusman Correia Araujo Barbosa, Maria Ines
 López Rodríguez, Ramón
 Otero Varela, Alejandro
 Taboada de Zúñiga Romero, Pilar
 Perez Guilarte, Yamilé
 Rodríguez-Lestegás Tizón, Iago
 Solla Sineiro, Paula

Colaboradores externos:

López González, Alejandro, Universidade de León
Somoza Medina, José, Universidade de León
González Pérez, Jesús Manuel, Universidade das Illas Baleares
Alonso Logroño, María Pilar, Universidade de Lleida
Escudero Gómez, Luis Alfonso, Universidad de Castilla a Mancha
Calvo Silvosa, Anxo Ramón, Universidade da Coruña
Araujo da Silva, Onildo, Universidade Estadual de Feira de Santana UEFS
Figueira Almeida Urbano Medonça, João Pedro, Universidade Lusíada do Porto.
Geralda Almeida, María, Universidade de Goiania
Fernández Fernández, Vanessa, UNED
Renner Rodrigues Soares, Jakson, FBA Consulting
Patiño Romarís, Carlos Alberto, Universidade de Vigo
Franco García, María, Universidade Federal da Pariba de Brasil

ANÁLISE ECONÓMICA GI-1922**Liñas de investigación:**

- ✓ Microeconomía.
- ✓ Macroeconomía.
- ✓ Economía financeira.
- ✓ Crecemento e desenvolvemento económico.
- ✓ Economía Internacional.
- ✓ Economía rexional e sectorial.
- ✓ Historia do Pensamento Económico.

Coordinador:

Ricoy Riego, Carlos Javier

Investigadores:

Ares Fernández, Juan José
Barcia Domínguez, María José
Meixide Vecino, Alberto
Trelles González, Rafael
Vilas Fernández, Manuel Ángel
Villar Casas, Gumersindo

**ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E MEDIOAMBIENTAL,
DESENVOLVEMENTO RURAL E ECONOMÍA SOCIAL GI-1899**



Liñas de investigación:

- ✓ Economía agroalimentaria.
- ✓ Xestión económica das explotacións agrarias.
- ✓ Estrutura e dinámica dos mercados agrarios.
- ✓ Organización e funcionamento da cadea láctea.
- ✓ Procesos de axuste estrutural na agricultura e mobilidade da terra.
- ✓ Políticas agrarias: a Política Agraria Común; distribución do apoio público á agricultura.
- ✓ Políticas de desenvolvemento rural.
- ✓ Impactos ambientais das actividades agrarias.
- ✓ Análise do cooperativismo en Galicia.
- ✓ Desenvolvemento rexional.
- ✓ O Sistema de financiamento autonómico; facendas rexionais e locais.
- ✓ Orzamento público, reformas orzamentarias, regras e transparencia fiscais.
- ✓ Cambios demográficos e consecuencias económicas.

Coordinador:

López Iglesias, Edelmiro

Investigadores:

Caamaño Alegre, José
Castañón Llamas, Luis
Díaz Varela, Emilio Rafael
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
García Arias, Ana Isabel
Jordán Rodríguez, Manuel
Pérez Fra, María do Mar
Sineiro García, Francisco
Valdés Paços, Bernardo
Cisneros Palacios, Johanna Gabriela
Dios Ortiz, Javier Ramón

Iglesias Rodríguez, Noemí
Laiño de Castro, Juan José
Pardal Coca, Roberto
Ríos Rodríguez, Raúl
Rocha Correa, Pedro Fiz
Rodríguez-Morales López, Beatriz Pilar
Torres Martínez, Estefanía
Toxo Asorei, Rocío
Seoane Novo, Laura

Colaboradores externos:

Arnalte Alegre, Eladio Vicente, Universidad Politécnica de Valencia
Ceña Delgado, Felisa, Universidad de Córdoba
Ortiz Miranda, Dionisio, Universidad Politécnica de Valencia
Santiso Blanco, Jorge Antonio, Instituto Galego de Estatística
Vázquez González, Ibán, Centro de Investigación e Formación Agrarias (CIFA)
de Cantabria
Lorenzana Fernández, Roberto, Laboratorio Interprofesional Galego de
Análise do Leite (LIGAL)
Peón Pose, David, Universidade da Coruña

GRUPO DE ANÁLISE XURÍDICO-ECONÓMICA GI-2037***Liñas de investigación:***

- ✓ Danos e responsabilidade medioambiental
- ✓ Dereito antidiscriminatorio
- ✓ Dereito civil galego
- ✓ Economía ambiental (valoración de activos ambientais, análise de políticas de incentivos e estudos metodolóxicos de valoración)
- ✓ Economía da enerxía (análise do impacto externo e análise do ciclo da vida)
- ✓ Economía dos recursos naturais (recursos agrarios, pesqueiros e forestais)
- ✓ Economía da saúde e dereito sanitario
- ✓ Seguros e responsabilidade civil
- ✓ Integración europea e globalización

Coordinadora:

Loureiro García, María Luz

Investigadoras:

Iglesias Redondo, Julio Ignacio
 Trigo García, María Belén
 Silva Leiras, Diana Isabel

Colaboradores externos:

Loomis, John B., Colorado State University
 Nunes, Paulo A. L., FEEM, Fundación Eni Enrico Mattei
 Ojea Fernández-Colmeiro, Elena, Bc3 Bask Center for Climate Change
 Rodolfo Nayga, Jr., University of Arkansas
 Bradshaw Bradshaw, Richard, University of Liverpool
 Lavandeira Villot, Xabier, Universidade de Vigo
 Barrio Martínez, Melina, Universidad de Alcalá de Henares
 Pérez Sánchez, José Antonio, Consellería de Educación. Xunta de Galicia

GRUPO DE ANÁLISE E MODELIZACIÓN ECONÓMICA GI-1883



IDEGA
Avda. das Ciencias, Chalet nº 1
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela

Tel: +34 981 50 11 80 / +34 981 50 21 00, ext: 14339 Fax: +34 981 50 90 35

Liñas de investigación:

- ✓ Economía laboral
- ✓ Economía da saúde
- ✓ Avaliación socioeconómica
- ✓ Contabilidade social
- ✓ Análise Input-Output
- ✓ Integración Económica
- ✓ Economía Internacional

Coordinador:

Fernández Fernández, Melchor

Investigadores:

Bande Ramudo, Roberto
Canay Pazos, José Raúl
Fernández Castro, María Belén
Fernández Grela, Manuel
Fernández Méndez, Diana
Herranz González, Roberto
Pereira López, Xesús
Rey Suárez, Pedro María
Riveiro García, María Dolores
Corbelle Cacabelos, Fernando
Fernández Fernández, Fátima
Guillén García, Antía
Iliyas, Akmaral
Lazovski, Oleg
Lugilde Sánchez, Alba
Moreno Holguin, Harold
Rey Araújo, Pedro María
Yuldasheva, Salomat
Tuñas Riveiro, María Dolores
Vilariño López, María del Carmen

Colaboradores externos:

Flores Mallo, Manuel Fernando, OECD Directorate for Employment Labour and Social Affairs

Montuenga Gómez, Víctor Manuel, Universidad de Zaragoza

Manrique de Lara Peñate, Casiano, Universidad de Las Palmas de Gran Canaria

Destefanis, Sergio, U. degli Studi di Salerno

Capasso, Salvatore, University of Naples, Parthenope

Robles Teigeiro, Luis, Universidad de Málaga

Li Bonilla, Federico, Universidad Estatal a Distancia de Costa Rica

Pena Boquete, Yolanda, AYeconomics

Zuñiga Zapata, Ana Crisitina, Corporación Universitaria Lasallista, Colombia

Da Costa Pereira, Raquel Susana, ISCAP-Instituto Superior de Contabilidade e Administração do Porto.

**GRUPO DE ESTUDOS DE HISTORIA EMPRESARIAL E SECTORIAL.
PESCA, INDUSTRIA E COMERCIO GI-1170**

Liñas de investigación:

- ✓ Historia e economía da pesca e da construción naval.
- ✓ Relacións económicas internacionais.
- ✓ Historia industrial.
- ✓ Historia da empresa.
- ✓ Historia do traballo.
- ✓ Patrimonio industrial e marítimo.

Coordinador:

Carmona Badía, Joam

Investigadores:

Espido Bello, María del Carmen

Fernández González, Ángel Ignacio

Giráldez Rivero, Jesús

Lozano Courtier, Alberto

Muñoz Abeledo, Luisa

Dios Vicente, Adrián

Hernández Soto, Gonzalo

GRUPO DE NOVOS MEDIOS (TENDENCIAS, CIBERMEDIOS, IMPRESOS) GI-1641



Liñas de investigación

- ✓ Investigación das demandas dos novos usuarios, anunciantes e audiencias con especial atención ós novos lectores e sectores económicos emerxentes.
- ✓ Estudo das perspectivas e tendencias no ámbito da comunicación na Unión Europea.
- ✓ Laboratorio de proxectos e de elaboración da información.
- ✓ Estudo continuo dos medios dixitais e impresos.
- ✓ Análise permanente dos produtos informativos dos mercados globais e locais.
- ✓ Exame da estrutura dos medios impresos e audiovisuais.
- ✓ Análise da produción informativa do ecosistema mediático.
- ✓ Análise e seguimento das políticas de comunicación.
- ✓ Análise das relacións entre xornalismo e literatura.
- ✓ Investigación no ámbito da comunicación organizacional e de crise.
- ✓ Historia da comunicación.
- ✓ Análise de contidos, linguaxes e manipulación en todos os soportes. Análise do impacto da tecnoloxía nas novas linguaxes e novas formas de censura.
- ✓ Observatorio europeo de comunicación local.
- ✓ Observatorio galego da comunicación.
- ✓ Observatorio do ciberxornalismo.
- ✓ Observatorio de prensa e escola.
- ✓ Observatorio do libro.
- ✓ Observatorio de radio.

Coordinador

López García, Xosé

Investigadores

Bellón Rodríguez, Ana
Campos Freire, Francisco Manuel
Fernández Freixanes, Víctor

Fernández Lombao, Tania
Ferrás Sexto, Carlos
Gago Mariño, Manuel
García Orosa, Berta
García Vázquez, Yolanda
Neira Cruz, Xosé Antonio
Otero López, María Luisa
Pereira Fariña, Xosé
Pousa Estévez, Xosé Ramón
Silva Rodríguez, Alba
Sixto García, José
Soengas Pérez, Xosé
Toural Bran, Carlos
Túñez López, José Miguel
Vázquez Sande, Pablo
Direito Rebollal, Sabela
Lago Vazquez, Diana
Negreira Rey, María Cruz
Pérez Seijo, Sara
Rodríguez Castro, Marta
Vázquez Herrero, Jorge
Vizoso García, Ángel Antonio

Colaboradores externos

Limia Fernández, Moisés, Universidade do Minho
Costa Sánchez, Carmen, Universidade da Coruña
Alonso Ramos, Natalia, Instituto de Formación Financiera y Empresarial
Lozano Aguiar, Lara, Televisión de Galicia
Gallur Santorun, Santiago, Universidad Autónoma de Ciudad Juárez
Berdugo Rojas, David Ricardo, Universidad EAN
Melle Goyanes, María, Comunicación Dixital

PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN

Líñas xerais evolución da investigación no IDEGA nos últimos anos





Gráfico 3: Distribución por áreas 2019




Gráfico 4: Evolución ingresos investigación 2000-2019



I. ÁREA DE ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E ESTUDOS RURAIS

1. *Xestión integral de explotacións de leite na Cornisa Cantábrica*

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Privada Triptolemos para o Desenvolvemento Agroalimentario.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

2. *Asesoramento e planificación de explotacións agrarias*

Proxecto de investigación financiado por Agra Ingenieros C.B.

Investigador principal: Manuel Francisco Marey Pérez, Departamento de Enxeñaría Agroforestal/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

3. *Informe pericial do procedemento 144/17*

Proxecto de investigación financiado por Santiago Freire Pértega

Investigador principal: Manuel Francisco Marey Pérez, Departamento de Enxeñaría Agroforestal/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

4. *Avaliación intermedia do Plan Estratéxico do Clúster Alimentario de Galicia 2016-2020*

Proxecto de investigación financiado pola Asociación Clúster Alimentario de Galicia.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

5. *Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a USC para a elaboración da propostas do Plan Estratéxico da PAC (Política Agraria Común) en Galicia Horizonte 2030*

Proxecto de investigación financiado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

6. Sustainable Hub to engage into Rural Policies with actors (SHERPA)

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

7. Análise do sector lácteo galego dentro do proxecto "Propagating innovations for more resilient dairy farming in the atlantic area" (DAIRY -4 - Future) (Interreg atlantic area EAPA_304/2016)

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria AGACAL.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

8. Realización de inventario inicial e recollida de datos económicos das explotacións de leite

Proxecto de investigación financiado por Central Lechera Asturiana SAT.

Investigador principal: Ibán Vázquez González, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela.

II. ÁREA DE PLANIFICACIÓN, ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

1. *Servizo de consultaría: Plano de dinamización do comercio local da cidade histórica de Santiago*

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Santiago de Compostela.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

2. *Elaboración dun modelo de plan de dinamización das Áreas Rexurde*

Proxecto de investigación financiado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

3. *Nuevos modelos de goberno de las ciudades, e intervención en los espacios urbanos en el período post crisis*

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

4. *A figura ITI como oportunidade para o desenvolvemento do territorio provincial TRAN*

Proxecto de investigación financiado pola Deputación de Pontevedra.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

5. *GEOPARD-I. Patrimonio colectivo cultural: plataforma para a valoración e innovación*

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

6. Redacción da guía para a elaboración de estudos da paisaxe urbana

Proxecto de investigación financiado por Gau Arquitectura S.L.p.

Investigadora principal: M^a José Piñeira Mantiñan, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

7. Elaboración dun modelo e guía de solicitude de declaración REXURDE

Proxecto de investigación financiado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

8. Asistencia técnica para a dirección científica dos traballos a levar a cabo no xacemento de Monte do Facho (Cangas), dentro do proxecto de posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra

Proxecto de investigación financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

9. Projet pour un patrimoine européen et un culturel ensemble (ProPEACE)

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

Investigador principal: Xosé Manuel Santos Solla, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

10. Diagnóstico socioeconómico e Plan Estratéxico da Denominación de Orixe Ribeiro

Proxecto de investigación financiado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

11. Traballos para a elaboración da estratexia de dinamización económica, territorial e turística das Comarcas Vitivinícolas de Galicia

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

12. Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das Comarcas Vitivinícolas de Galicia

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega.

Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela

13. Obradoiro de boas prácticas de gobernanza da cooperación territorial: Benchmark

Proxecto de investigación financiado pola Deputación de Pontevedra.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

III. ÁREA DE TURISMO

1. *Estudo sobre a demanda turística en Santiago de Compostela*

Proxecto de investigación financiado por Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA).

Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

2. *Elaboración dun estudo sobre a avaliación e análise do potencial do Camiño de Santiago-Vía da Prata, para o desenvolvemento sostible a escala local*

Proxecto de investigación financiado pola Deputación de Ourense e o Consello Económico e Social de Galicia.

Investigador principal: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

3. *Estudo sobre o turismo de congresos e reunións en Santiago de Compostela*

Proxecto de investigación financiado por Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA).

Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

4. *Plan de desenvolvemento turístico cultural do Corpus en Pontearreas*

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Pontearreas.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

5. *Realización do plan de dinamización turística do Courel*

Proxecto de investigación financiado pola Axencia de Turismo de Galicia.

Investigadora principal: Lucrezia López, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

6. *Convenio para a inventariar as pezas para a creación dun centro etnográfico na antiga escola de Trabada, así como a súa musealización dixital*

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Trabada.

Investigador principal: Manuel Francisco Marey Pérez, Departamento de Enxeñaría Agroforestal/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

7. *Proxecto de investigación sobre o Camiño de Santiago e as peregrinacións 2019*

Proxecto de investigación financiado pola Universidade de Santiago de Compostela.

Investigador principal: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

8. *Estudo cualitativo sobre a internalización do sector turístico de Santiago de Compostela, incluíndo un apartado sobre o turismo congresual*

Proxecto de investigación financiado por Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA).

Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

9. *Transformacións do turismo cultural y sostenibilidade intelixente en áreas urbanas europeas.*

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

IV. ÁREA DE ECONOMÍA GALEGA, ESTUDOS SECTORIAIS E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

- 1. *A Economía Galega. Informe 2018***
Proxecto de investigación financiado pola Afundación.
Investigador principal: Alberto Meixide Vecino, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
- 2. *Creación e posta en marcha "Observatorio das finanzas municipais na Provincia de Lugo"***
Proxecto de investigación financiado pola Deputación Provincial de Lugo.
Investigador principal: Jose Caamaño Alegre, Departamento de Dereito Público Especial, Universidade de Santiago de Compostela.
- 3. *Estudo analítico do perfil socioeconómico e laboral das familias usuarias dos comedores escolares de Ames***
Proxecto de investigación financiado polo Concello de Ames.
Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
- 4. *A knowledge alliance for Blockchain in academic, entrepreneurial and investment training (DLT4ALL)***
Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.
Investigador principal: Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
- 5. *Estudio do impacto da chegada o AVE a Galicia***
Proxecto de investigación financiado pola Axencia de Turismo de Galicia.
Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

6. Informe sobre o estado do arte e deseño de cuestionarios para o análise custe-beneficio dos procesos de avaliación de pesquerías no marco do DCF (Data Collection Framework) da Comisión Europea

Proxecto de investigación financiado pola Fundación CETMAR.

Investigador principal: Gonzalo Rodríguez Rodríguez, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

V. ÁREA DE DEMOGRAFÍA, MERCADO DE TRABAJO E ECONOMÍA SOCIAL

1. NUTRIAGE-I. Soluciones avanzadas para un envejecimiento saludable a través de la nutrición en el marco de la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

Investigador principal: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

2. Fiscal stress and cutback management in public procurement

Proxecto de investigación financiado polo Instituto de Estudios Fiscales.

Investigador principal: Jose Caamaño Alegre, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela.

VI. AREA DE ECONOMÍA AMBIENTAL E RECURSOS NATURAIS

1. Preferencias, actitudes e políticas cara o cambio climático: unha visión económica apoiada en BIG DATA

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

Investigadora principal: María L. Loureiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

VII. APOIO A ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN

1. Consolidación e estruturación 2017. GRC GI-1883 Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME)

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Investigador principal: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

2. Consolidación e estruturación 2017. GPC GI-1899 Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social (ECOAGRASOC)

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

3. Consolidación e estruturación 2017. GPC GI-2037 Grupo de Análise Xurídico-Económica (ECO-IURIS)

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Investigadora principal: Maria L. Loureiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

4. Consolidación e estruturación 2016. GRC GI-1871 Análise Territorial

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

5. Red para la revisión y actualización conceptual sobre la interacción de turismo y territorio. REDES DE EXCELENCIA 2016

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

6. Impulso dunha agrupación de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades: Desenvolvemento da plataforma de xestión de información patrimonial definida no proxecto GEOPARD. Convenio Accións I+D (Xunta 2019-2020)

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Investigador principal: Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

PUBLICACIONES

I. A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2018

Análise do comportamento da economía de Galicia no ano 2018, poñéndoa en relación coa economía española; examínase a evolución tanto no seu conxunto como no detalle dos seus sectores.

Director: Alberto Meixide Vecino, Universidade de Santiago/IDEGA.

Membros do Equipo realizador: Juan. J Ares Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Roberto Bande Ramudo, Universidade de Santiago; Adrián Blanco Estévez, Economista; Melchor Fernández Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA, Manuel Ferro Novoa, Abanca; Isabel Fuentes Santos, CSIC; Uxío Labarta Fernández, CSIC, Edelmiro López Iglesias, Universidade de Santiago/IDEGA; Dolores Martínez Martínez, Afundación; Fidel Martínez Roget, Universidade de Santiago; Manuel Nuñez Piñeiro, Abanca; Luis Otero González, Universidade de Santiago; Yolanda Pena Boquete, AYeconomics; Marcos Pérez Pérez, Universidade de Vigo; Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago; Miguel Anxo Vázquez Taín, Universidade de Santiago; Manuel Vilas Fernández, Universidade de Santiago.

Colaboradores: Manuel López Sande

Revisión lingüística: Ana Suárez Piñeiro, Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA.



Editado por Afundación-Obra Social ABANCA
I.S.S.N.: 2171-8849

II. A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2018. RESUMO EXECUTIVO

Director: Alberto Meixide Vecino, Universidade de Santiago/IDEGA.

Membros do Equipo realizador: Juan. J Ares Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Roberto Bande Ramudo, Universidade de Santiago; Adrián Blanco Estévez, Economista; Melchor Fernández Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA, Manuel Ferro Novoa, Abanca; Edelmiro López Iglesias, Universidade de Santiago/IDEGA; Dolores Martínez Martínez, Afundación; Fidel Martínez Roget, Universidade de Santiago; Manuel Nuñez Piñeiro, Abanca; Luis Otero González, Universidade de Santiago; Marcos Pérez Pérez, Universidade de Vigo; Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago; Miguel Anxo Vázquez Taín, Universidade de Santiago; Manuel Vilas Fernández, Universidade de Santiago.

Revisión lingüística: Ana Suárez Piñeiro, Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA.

Depósito Legal: C 1075-2017



III. DOCUMENTOS DE TRABAJO IDEGA

NÚMEROS PUBLICADOS

1. ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

